



Grupo
Municipal
RIBEIRA

ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa colocación dunha marquesiña no lugar da Capela, Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa fai moito tempo que se ven demandando, ó Grupo de Goberno deste Concello, por parte do vecindario, a necesaria colocación dunha marquesiña no lugar da Capela, en fronte da escola de infantil alí existente, sen haber ata agora resposta algunha ante tal demanda.

Son máis de 20 rapaces que a diario agardan alí o autobús escolar, e non so se trata de alumnos de secundaria que van ó Instituto, senón que estamos a falar de nenos de tres anos que van a esa escola infantil, e que a diario, non teñen onde resgardarse das inclemencias do tempo, pasando que en moitas ocasións, teñen que meterse na casa dos veciños/as que por alí residen.

Esta situación ven sendo dende sempre así, pero aínda cabe destacar algo máis; por alí pasa o Autobús que fai o traxecto da Ribeira-Aguiño pola Graña, tendo esta parada como usual, e na que maioritariamente sube xente maior que vai ó médico en Aguiño, e que igualmente ten que agardar á intemperie mentres espera o servizo.

Considérase polo tanto necesaria e moi demandada pola cidadanía, a colocación dunha marquesiña na zona, xogando ademais ó seu favor que existen ocios públicos onde poder localala.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

- Que se dote ó lugar da Capela dunha marquesiña o antes posible.

Ribeira, 20 de setembro de 2007

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA